

Memoria xustificativa das Bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras, instrumentadas mediante convenio de colaboración subscrito entre o Igape, as entidades financeiras e as SGRs.

O Instituto Galego de Promoción Económica, no cumprimento das súas funcións, desempeña un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúan a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da comunidade autónoma galega.

No presente ano, tendo en conta a delicada situación do sector lácteo galego, o Igape en colaboración coas entidades de crédito e sociedades de garantía recíproca, puxo en marcha dúas liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións leiteiras:

-Liña de refinanciamento de pasivos: para adecuar o reintegro das débedas contraídas coas entidades de crédito á capacidade de xerar recursos nun contexto de rendibilidade insuficiente.

-Liña de financiamento de circulante: dispoñer de financiamento adicional, para reforzar o seu activo corrente, sufragando nóminas dos traballadores, tributos, seguridade social, alugueres, pagos a provedores, acredores por prestación de servizos e similares.

A axuda do Igape consiste na subvención dos gastos financeiros e no reaval ante ás sociedades de garantía recíproca, cando as operacións financeiras aporten novo circulante.

Cerrado o prazo de solicitudes na entidade financeira, o 31 de outubro, recibíronse no Igape 211 solicitudes de explotacións lácteas, coa seguinte distribución por liñas:

LINEAS	DESCRIPCIÓN	Nºolic.	Importe solicitado
IG221	Refinanciamento de pasivos	54	2.416.414,61
IG222	Circulante	157	7.845.700,00
		211	10.262.114,61

Ate o momento, aprobáronse as seguintes operacións:

LINEAS	DESCRIPCIÓN	Nºolic.	Importe aprobado
IG221	Refinanciamento de pasivos	28	1.109.230,98
IG222	Circulante	81	3.202.200,00
		109	4.311.430,98

O prazo para remitir operacións ao Igape por parte das entidades financeiras remata o 30 de novembro.

Tendo en conta que a adaptación ao novo contexto de desaparición das cotas lácteas e volatilidade dos prezos, require medidas de carácter coxuntural e estrutural, enténdese procedente continuar cos apoios establecidos para o ano 2017, dando a oportunidade a novas explotacións para adecuar a estrutura financeira as novas necesidades e plans de viabilidade.

Plantéxase, por tanto a continuidade dos apoios a través das seguintes liñas:

Liña 1. Refinanciamento de pasivos:

Modalidade de préstamo de importe mínimo 3.000 € e prazo igual ou superior a 5 anos. Non se establece prazo máximo, non obstante, a subsidiación calcularase para un préstamo teórico a 7 anos, incluída unha carencia dun máximo de dous anos.

Poderán acollerse a esta liña aquelas explotacións gandeiras que formalicen un préstamo a longo prazo que se destine a cancelación, en todo ou en parte, de pasivos financeiros formalizados con entidades de crédito e con vencemento a curto ou medio prazo, co obxecto de alcanzar o equilibrio financeiro e acomodar os fluxos monetarios de entrada e saída e evitar, deste xeito, problemas de liquidez.

Non poderán acollerse a esta liña aquelas empresas incursas en situación concursal ou ben se atopen en algunha das situacións legais de disolución da sociedade.

Liña 2. Apoio circulante:

Modalidade de préstamo de importe mínimo 3.000 € e prazo igual ou superior a 3 anos e un máximo de 7, incluída unha carencia dun máximo de dous anos.

Poderán acollerse a este programa de apoio aquelas pequenas e medianas empresas que formalicen un préstamo que se destine ao financiamento do seu activo corrente, entendendo como tal o pagamento de nóminas dos traballadores, tributos, seguridade social, aluguer, leasing, provedores, acredores por prestación de servizos, reparacións, cotas de débedas bancarias a longo prazo no momento do seu vencemento e cotas de leasing. En ningún caso poderán aplicarse a financiar investimentos en inmovilizado ou activos financeiros, nin á cancelación anticipada de pasivos bancarios.

As explotacións poderán solicitar unha das liñas ou ben compatibilizar as dúas, en función do límite máximo de axudas en réxime de mínimos, de acordo co Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013), que establece un límite máximo de 15.000 € a unha única empresa nun período de tres anos. Tendo en conta o anterior establécese un límite máximo, potencialmente atendible, de 300.000 €, importe que en determinadas condicións de xuro, carencia e prazo, levaría implícita una subvención bruta equivalente igual ao límite máximo de axudas en réxime de mínimos antes citado.

Os apoios, ao igual que no presente ano, serán os seguintes:

- Bonificación do tipo de xuro nominal das operacións de préstamo acollidas a estas bases de tal xeito que o tipo de xuro sexa cero para o beneficiario. No caso de préstamos a tipo de xuro fixo, a bonificación corresponderase co tipo de xuro establecido para toda a vida do préstamo. No caso de préstamos a tipo de xuro variable, a bonificación corresponderase co tipo de xuro establecido para o primeiro período semestral.
- Axudas en forma de garantía: No caso de contar co aval dunha SGR, o Igape compensará o custo da comisión do aval financeiro prestado pola SGR, e para o caso da liña de apoio ao circulante prestará reaval polo 25% do principal da operación.

Dito reaval ampárase no Decreto 302/1999 do 17 de novembro, que introduce unha modificación no Decreto 284/1994 de regulamento de avais do Igape, en virtude da cal o Igape, renunciando ó beneficio de excusión, poderá reaval, ante as sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia (SGR), o risco que estas asuman como primeiras avalistas por aquelas operacións acollidas ós programas de fomento empresarial que para tal efecto se aproben. Neste tipo de operacións de reaval, conforme recolle a citada modificación, será o Igape quen responderá dos falidos que se é o caso se produzan, con cargo á dotación orzamentaria para tal efecto habilitada, a diferenza dos restantes avais do Igape que obrigarán á Tesourería da Comunidade Autónoma.

Tendo en conta estas características, e a porcentaxe histórica de falidos, pode concluírse que o risco é razoablemente moderado. Dotar unha provisión do 10% por operación de reaval concedida parece un criterio suficientemente prudente. Deste xeito, para un máximo de reavais sería de 1.496.000 €, e suporá a dotación de provisións por importe máximo de 149.600 € para atender posibles fallidos.

Anualmente e mentres as operacións reavaladas estean en vigor, será rexistrada ao inicio de cada exercicio unha autorización de crédito na partida orzamentaria indicada, aplicando a porcentaxe de provisión ao montante de reavais vivos. Durante o exercicio, esta autorización de crédito será incrementada por cada reaval concedido, e minorarase no seu caso en proporción aos reavais minorados conforme á información trimestral de avais vivos facilitada a tal efecto polas Sociedades de Garantía Recíproca.

Esta convocatoria tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro de 2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia como expediente anticipado de gasto, existindo crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2017. Na súa virtude, a concesión das subvencións condiciónase á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

O director xeral do Igape poderá, no obstante, ampliar os créditos e modificar a partida orzamentaria, previa declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase coa publicación no DOG e finalizará o 31 de outubro de 2017.

Os créditos dispoñibles para concesións de subvención nesta convocatoria aboaranse con cargo á seguintes aplicacións orzamentarias e polos seguintes importes e coa seguinte distribución plurianual:

Código proxecto	Partida orzamentaria	2017	2018
2016 00026	09.A1.741A.7700	1.200.000,00 €	400.000,00 €
2015 00009	09.A1.741A.8900	149.600,00 €	

A tramitación destas axudas exclúe a concorrência competitiva con base ao establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por canto serán bonificables todas as operacións financeiras que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras, ata o esgotamento do crédito. Xustifícase a excepcionalidade por canto nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial de promover calquera proxecto de investimento que, cumprindo os requisitos especificados nas presentes bases, poidan levar adiante as empresas.

Así mesmo, a concorrência non competitiva é o mecanismo que permite que as solicitudes de axuda financeira poidan ser atendidas coa debida dilixencia e en todo momento, mantendo a posibilidade de solicitude aberta de xeito continuo.